

NORMATIVA POLA QUE SE REGULA A DEDICACIÓN DO PERSOAL DOCENTE E INVESTIGADOR

(Aprobada por Consello de Goberno do 28 de novembro de 2014, modificada nos CG do 27/10/2015, do 25/02/2016, do 27/04/2017, do 03/04/2018, do 03/04/2019 e do 04/06/2020)

ACTIVIDADES DO PROFESORADO

Durante os últimos anos, tentouse regular diversos aspectos relacionados coa actividade do profesorado universitario con varias iniciativas legislativas. Probablemente a máis ambiciosa foi o último borrador do Estatuto do Persoal Docente e Investigador das Universidades Públicas Españolas. Este documento establecía algúns principios como un reparto do 80% da xornada laboral, estimada en 1.650 horas anuais (44 semanas x 37,5 horas semanais), entre actividades docentes e investigadoras, quedando o resto para actividades de formación de diversa natureza. Así mesmo, contemplaba a posibilidade de que a parte da xornada laboral destinada a docencia e investigación puidera reducirse en función das actividades de xestión e dirección realizadas polo profesorado.

A non aprobación do mencionado Estatuto imposibilita contar hoxe cuns criterios homoxéneos que regulen a dedicación horaria do profesorado en todas as Universidades españolas, polo que, no seu caso, dita regulación deberá ser articulada polas Comunidades Autónomas ou polas propias Universidades. A Lei 6/2013, do SUG, no seu artigo 92.4 recolle que: "As universidades públicas do SUG, no exercicio da súa autonomía, poderán establecer a distribución da dedicación do persoal docente e investigador ao seu servizo a cada unha das funcións de docencia, investigación e transferencia de coñecemento, segundo o establecido na normativa vixente".

Nese mesmo artigo regulase que as universidades logo de negociación cos representantes dos traballadores, poderán establecer directrices e criterios para identificar e recoñecer orientacións específicas en función das características da actividade docente e investigadora das diversas ramas de coñecemento e ámbitos disciplinares e dun tratamento equilibrado entre estes.

En tanto non se acometa un estudio global da xornada laboral do profesorado universitario, este documento aborda aspectos básicos relativos á actividade do profesorado e a súa repercusión sobre as tarefas docentes presenciais condicionado polas dispoñibilidades orzamentarias e do contexto normativo actual nos ámbitos estatal e autonómico.

Débase sinalar que esta relación non pretende medir exactamente todas e cada unha das actividades que realiza o PDI da UDC con dedicación a tempo completo, senón recoñecer aquelas que se queren impulsar co obxecto de conseguir os obxectivos descritos no Plan Estratéxico da UDC e mellorar os indicadores externos de avaliación da universidade. Para a súa posta en práctica no menor tempo posible, as actividades que se recoñecen han de ser de fácil verificación, de forma automatizada e con periodicidade anual.

Convén indicar, finalmente, que é previsible que esta normativa teña repercusións de diferente signo nas distintas áreas de coñecemento, mais non debería supoñer cambios no número de efectivos totais do PDI.

Código Seguro De Verificación	f81H57hr9+W8NVQa+GHTwQ==			Estado	Data e hora
Asinado Por	Carlos Ignacio Aymerich Cano - Secretario Xeral			Asinado	04/06/2020 14:43:14
Observacións				Páxina	1/17
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/f81H57hr9+W8NVQa+GHTwQ==				



1. DEDICACIÓN ACADÉMICA (DA)

A dedicación académica de cada docente establécese como a suma de horas dedicadas a impartir aulas presenciais máis as horas de dedicación a outras tarefas docentes, de xestión, de investigación e de transferencia de coñecemento que figuran nesta normativa.

A dedicación correspondente ás aulas presenciais desagregase en horas de docencia expositiva, horas de docencia interactiva, horas de tutoría en grupos reducidos, horas de docencia práctica (laboratorios) e horas de docencia asistencial recollidas no POD do/a profesor/a. No curso 2020/2021 incorpóranse, coa mesma consideración, as horas de docencia a distancia daquelas titulacións autorizadas a impartir esta modalidade.

A capacidade docente do profesorado establécese para cada grupo de dedicación na seguintes táboas:

Profesorado dos corpos docentes universitarios	
TU; CEU e TEU con 3 ou 4 avaliacións positivas da actividade investigadora, tendo superado a máis recente nos sete anos anteriores ao de elaboración do POD	160 horas lectivas anuais
CU con 4 avaliacións positivas da actividade investigadora, tendo superado a máis recente nos sete anos anteriores ao de elaboración do POD	
CU; TU; CEU e TEU con 5 ou máis avaliacións positivas da actividade investigadora, independentemente da data na que se superou a máis recente	
TU; CEU e TEU con 1 ou 2 avaliacións positivas da actividade investigadora, tendo superado a máis recente nos sete anos anteriores ao de elaboración do POD	240 horas lectivas anuais
CU con 1, 2 ou 3 avaliacións positivas da actividade investigadora, tendo superado a máis recente nos sete anos anteriores ao de elaboración do POD	
CU, TU, CEU e TEU que non se atopen nos casos anteriores	280 horas lectivas anuais
CU, TU, CEU e TEU con dedicación a tempo parcial	Entre 90 e 180 horas anuais

Nesta táboa como nas seguintes hai que ter en conta as seguintes clarificacións:

1. Nas avaliacións positivas da actividade investigadora inclúense as avaliacións dos sexenios de transferencia.
2. Nos sete anos anteriores para obter a seguinte avaliación positiva non computarán os períodos de tempo nos seguintes supostos:

Código Seguro De Verificación	f81H57hr9+W8NVQa+GHTwQ==		
Asinado Por	Carlos Ignacio Aymerich Cano - Secretario Xeral	Estado	Asinado
Observacións		Páxina	04/06/2020 14:43:14
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/f81H57hr9+W8NVQa+GHTwQ==		



- Profesorado que desfrutase dun permiso por nacemento, adopción, garda con fins de adopción ou acollida: non computa o período do permiso.
- Profesorado que permanecese en situación de excedencia por coidado de familiar, ou por razóns de violencia de xénero: non computa o período de permanencia nesa situación.
- Profesorado que permanecese en situación de baixa por incapacidade temporal (IT) cunha duración igual ou superior a 6 meses: non computa o período da baixa.
- Profesorado que desenvólvese, durante un período mínimo de catro anos consecutivos, un cargo académico dos recollidos no artigo 22.b dos Estatutos da UDC e asimilados, sempre que o dito cargo supoña unha compensación por xestión universitaria igual ou superior ás 110 horas na normativa actual: non computa a metade do período.
- Profesorado funcionario declarado en situación de servizos especiais ou profesorado laboral en suspensión de contrato por excedencia forzosa pola súa designación ou elección para un cargo público: non computa a metade do período.

- Tomarase como referencia o 31 de decembro do ano anterior á elaboración do POD.

Profesorado contratado con vinculación permanente e dedicación a tempo completo Profesorado doutros corpos de funcionarios/as e dedicación a tempo completo¹	
Que acadasen 3 ou máis avaliacións positivas da actividade investigadora (en virtude do convenio subscrito entre a UDC e a CNEAI), tendo superado a máis recente nos sete anos anteriores ao de elaboración do POD	160 horas lectivas anuais
Que acadasen 1 ou 2 avaliacións positivas da actividade investigadora (en virtude do convenio subscrito entre a UDC e a CNEAI), tendo superado a máis recente nos sete anos anteriores ao de elaboración do POD	240 horas lectivas anuais
Que non puidese ter sometido a avaliación a súa actividade investigadora por non cumprir un mínimo de seis anos avaliábeis	
Que non se atopen nos casos anteriores	280 horas lectivas anuais

¹ Inclúense aos/ás profesores/as do INEF e profesores/as de EO de Náutica

Código Seguro De Verificación	f81H57hr9+W8NVQa+GHTwQ==		
Asinado Por	Carlos Ignacio Aymerich Cano - Secretario Xeral	Estado	Asinado
Observacións		Páxina	04/06/2020 14:43:14
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/f81H57hr9+W8NVQa+GHTwQ==		



Profesorado contratado con vinculación non permanente e dedicación a tempo completo ou parcial	
Profesores colaboradores con contrato non permanente	280 horas lectivas anuais
Profesores/as Contratados/as Interinos/as de Substitución a tempo completo Profesores/as Lectores a tempo completo	270 horas lectivas anuais
Profesores/as Axudantes doutores/as e profesores/as visitantes	230 horas lectivas anuais
Profesorado contratado con vinculación non permanente e dedicación a tempo parcial (Lectores, Asociados/as; Visitantes, Contratados/as Interinos/as de Substitución)	Entre 90 e 180 horas anuais
Axudantes	Ate 60 horas anuais

Profesorado con docencia asistencial e dedicación a tempo completo ou parcial²	
Profesores/as Asociados de Ciencias da Saúde (PACS) con docencia só clínica (asistencial)	450 horas anuais

² RD 1652/1991, de 11 de outubro

Código Seguro De Verificación	f81H57hr9+W8NVQa+GHTwQ==		
Asinado Por	Carlos Ignacio Aymerich Cano - Secretario Xeral	Estado	Asinado
Observacións		Data e hora	04/06/2020 14:43:14
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/f81H57hr9+W8NVQa+GHTwQ==		
		Páxina	4/17



2. ENCARGO DOCENTE

O encargo docente a unha área/departamento estará constituído polo número de horas de docencia expositiva, horas de docencia interactiva, horas de tutoría en grupos reducidos, horas de docencia práctica (laboratorios) e horas de docencia asistencial recollidas no Plan Docente Anual (PDA) de cada titulación oficial.

Forman parte tamén do encargo docente as actividades relacionadas na seguinte táboa:

	ACTIVIDADE	HORAS	RESPONSABLE
D1	Dirección de Traballos Fin de Grao (TFG) e Traballos Fin de Mestrado (TFM)	As direccións dos TFGs/TFMs computarán: 6 horas se os TFGs/TFMs son de 6 ECTS 8 horas se os TFGs/TFMs son > 6 ECTS e <= 12 ECTS. 10 horas se os TFGs/TFMs son de máis de 12 ECTS Imputarase o traballo que foi presentado e defendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro do ano anterior á aprobación do POD	Dirección de centro VPPD
D2	Membros das Comisións de Avaliación dos Traballos Fin de Grao (TFG) e Mestrado (TFM)	Terán dereito, de forma persoal, a un cómputo de 5 horas Computarase unha Comisión para cada 10 TFGs/TFMs, noutro caso de maneira proporcional	Dirección de centro
D3	Titorización académica de Prácticas Externas obrigatorias ou optativas en empresas e outras institucións ³	A dirección de actividades de prácticas externas computará 2 horas por estudante para prácticas de 12 ECTS, cun límite de 30 horas por PDI para cada curso académico A imputación farase no curso académico seguinte da súa realización, independentemente da súa cualificación	Dirección de centro VPPD

³ A dirección de actividades de prácticas externas obrigatorias (practicum e similares) xa conta cunha cuantificación específica na PDA correspondente

Código Seguro De Verificación	f81H57hr9+W8NVQa+GHTwQ==			Estado	Data e hora
Asinado Por	Carlos Ignacio Aymerich Cano - Secretario Xeral			Asinado	04/06/2020 14:43:14
Observacións				Páxina	5/17
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/f81H57hr9+W8NVQa+GHTwQ==				



	ACTIVIDADE	HORAS	RESPONSABLE
D4	Dirección de teses de doutoramento	Cada tese doutoral dirixida e defendida na UDC durante os dous últimos anos (tomando como referencia o 31/12 do ano anterior á elaboración do POD) computará 15 horas ao/a director/a. No caso de co-dirección estas horas se distribuirán de forma equitativa entre os/as directores/as, tendo esta mesma consideración o labor de dirección de tese en réxime de cotutela. Como máximo, computarase 30 horas por profesor/a en cada curso académico. Computarase este mesmo recoñecemento, ademais, como Mérito Investigador.	VPAID EIDUDC

Código Seguro De Verificación	f81H57hr9+W8NVQa+GHTwQ==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Carlos Ignacio Aymerich Cano - Secretario Xeral	Asinado	04/06/2020 14:43:14
Observacións		Páxina	6/17
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/f81H57hr9+W8NVQa+GHTwQ==		



3. COMPENSACIÓNS E REDUCIÓNS DOCENTES

Determinadas actividades académicas de interese universitario xeral poderán ser consideradas e, no seu caso, compensadas, como parte do réxime de dedicación do profesorado a tempo completo. Con estes mesmos efectos, considerarase a redución que corresponde ao profesorado que intervén en órganos de representación sindical, en aplicación da lexislación vixente.

O obxectivo final destas compensacións obedece a unha política que contemple un concepto de dedicación académica para o profesorado que inclúa a docencia, a investigación, a innovación e transferencia e a xestión.

1. Por Actividades de Xestión Universitaria (AXU)

As compensacións por cargo ou posto determínanse coa referencia da dedicación máxima.

Compensación por cargo ou posto	
Cargo/posto	Compensación
Reitor e valedor universitario	Exentos
Vicerreitor/a e secretario/a xeral	210 horas
Decano/a, director/a de centro e asimilados	140 horas
Vicedecano/a, subdirector/a, secretario/a de centro	110 horas
Director/a de departamento/instituto universitario e asimilados	80 horas
Secretario/a de departamento e asimilados	50 horas

Cargo	Redución asimilada a
Adxunto/a a reitor/a	Vicerreitor/a (210 horas)
Adxunto/a a vicerreitor/a ou secretario/a Xeral Director/a da Escola Internacional de Doutoramento (EIDUDC) Director/a de Campus de Especialización da UDC	Decano/a, director/a de centro (140 horas)
Subdirector/a, Secretario/a da EIDUDC	Subdirector/a, secretario/a de centro (110 horas)

Código Seguro De Verificación	f81H57hr9+W8NVQa+GHTwQ==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Carlos Ignacio Aymerich Cano - Secretario Xeral	Asinado	04/06/2020 14:43:14
Observacións		Páxina	7/17
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/f81H57hr9+W8NVQa+GHTwQ==		



Cargo	Redución asimilada a
Directores/as e coordinadores/as das seguintes Unidades e Centros: Aula de Formación Informática (AFI), Centro Universitario de Formación e Innovación Educativa (CUFIE), Centro de Linguas, Observatorio Ocupacional, Normalización Lingüística, Universidade Sénior, Servizo de Publicacións, Oficina de Cooperación e Voluntariado (OCV), Oficina para a Igualdade de Xénero (OIX), Centro de Investigacións Científicas Avanzadas (CICA), Centro de Innovación Tecnolóxica en Edificación e Enxeñaría Civil (CITEEC), Centro de Investigacións Tecnolóxicas (CIT), Centro de Investigación en Tecnoloxías da Información e das Comunicacións (CITIC), Servizos de Apoio á Investigación (SAI), Área de Deportes, Oficina de Medio Ambiente (OMA), Unidade Técnica de Calidade (UTC), Aula Náutica, Campus UDC=Universidade Saudable, Coordinador/a da Axencia Estatal de Investigación, responsable de Análise e Xestión de Datos, colaboradores/as científicos coa Dirección Xeral de Investigación Científica e Técnica do Ministerio de Economía e Competitividade, comisionado/a da UDC para o Desenvolvemento do Nodo de Intelixencia Artificial da Cidade das TIC, director/a de Agrupación Estratéxica, coordinador/a de grao asociado a un campus de especialización, director/a de Unidade Técnica de Calidade	Director/a Departamento (80 horas)
Subdirectores/as e subcoordinadores/as das seguintes Unidades e Centros: Universidade Sénior, CICA, CITIC, OIX Coordinador/a xeral do Plan de Acción Titorial (PAT), coordinador/a da Unidade de Divulgación Científica e Cultural, coordinador/a de Formación e Asesoramento, coordinador/a de Soporte á Docencia, coordinador/a da Clínica Podolóxica, adxunto/a á dirección da Universidade Sénior, coordinador/a de Docencia Online	Secretario/a Departamento (50 horas)

As compensacións por xestión universitaria non serán acumulables entre si. Nos casos en que se exerzan simultaneamente cargos diferentes, aplicárase a maior das compensacións.

As compensacións por cargo calcúlanse proporcionalmente de acordo coas datas de nomeamento e de cese, e tomando como referencia o curso académico (desde o 1 de setembro ata o 31 de agosto).

Código Seguro De Verificación	f81H57hr9+W8NVQa+GHTwQ==		Estado	Data e hora
Asinado Por	Carlos Ignacio Aymerich Cano - Secretario Xeral		Asinado	04/06/2020 14:43:14
Observacións			Páxina	8/17
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/f81H57hr9+W8NVQa+GHTwQ==			



2. Representación sindical do PDI

O profesorado que pertenza aos órganos de representación sindical do PDI terá dereito á redución docente que establece a lexislación vixente: Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, Real decreto lexislativo 1/1995, de 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores e a normativa en vigor aplicable ao PDI funcionario ou contratado.

Non teñen consideración de compensación por xestión universitaria as derivadas da representación sindical.

Código Seguro De Verificación	f81H57hr9+W8NVQa+GHTwQ==			Estado	Data e hora
Asinado Por	Carlos Ignacio Aymerich Cano - Secretario Xeral			Asinado	04/06/2020 14:43:14
Observacións				Páxina	9/17
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/f81H57hr9+W8NVQa+GHTwQ==				



3. Recoñecementos como apoio á actividade docente dos centros (RAADC)

Cada facultade/escola recibirá unha bolsa de horas calculada, en base aos datos do curso académico anterior, segundo os seguintes criterios:

ACTIVIDADE	HORAS
Coordinación de titulacións de grao, prevista no Plan Director de Racionalización de Estruturas Académicas da UDC	25 horas en centros con equipas de dirección de só tres membros
Coordinación de Sección Departamental, prevista no Regulamento Marco de Departamentos	10 horas por Sección Departamental que agrupe, como mínimo, dez profesores/as permanentes a tempo completo
Titorización de estudantes de intercambio	10 horas por cada 10 estudantes dos programas de intercambio
Titorización académica de Prácticas Externas extracurriculares en empresas e outras institucións	A dirección de actividades de prácticas externas extracurriculares computará 2 horas por estudante para prácticas de 12 ECTS ⁴ Tomarase en conta os datos do curso académico inmediatamente anterior á data de elaboración do POD
Titulación de grao adscrita ao centro	25 horas por titulación 35 (25+10) horas se o grao é interuniversitario e a UDC actúa como coordinadora ou é de carácter internacional.
Titulación de grao aberto	15 horas por titulación se o/a titor/a pertence ao centro
Mestrado Universitario	25 horas por mestrado adscrito ao centro 35 (25+10) horas se o mestrado é de carácter internacional ou interuniversitario, sempre que a UDC actúe como coordinadora
Plan de Acción Titorial do centro	1 hora por cada 30 estudantes de grao e mestrado Tomarase en conta os datos do curso académico inmediatamente anterior á data de elaboración do POD
Participación na implantación de titulacións internacionais dobres ou conxuntas	10 horas por titulación
Promoción de títulos de Grao	20 horas por centro

⁴ 12 ECTS equivalen a 300 h. de prácticas do/a alumno/a

Código Seguro De Verificación	f81H57hr9+W8NVQa+GHTwQ==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Carlos Ignacio Aymerich Cano - Secretario Xeral	Asinado	04/06/2020 14:43:14
Observacións		Páxina	10/17
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/f81H57hr9+W8NVQa+GHTwQ==		



Cuantificada a bolsa de horas a dirección do centro poderá distribuíla entre o profesorado a tempo completo na contía que estime oportuna para a realización de actividades académicas e de coordinación. Isto é, podería utilizar os mesmos criterios que deron lugar a ó cálculo da bolsa, incentivar unhas actividades en detrimento doutras das relacionadas anteriormente ou substituír algunha das actividades anteriores por outras de interese para o centro (sempre que previamente foran aprobadas pola xunta de centro ou comisión en quen delegue).

Incompatibilidade:

A compensación de horas ao profesorado polas actividades relacionadas neste apartado é incompatible con calquera outra redución por xestión incluída no apartado 3.1 e con recoñecementos da mesma natureza asignados noutro(s) centro(s). Nos casos en que se exerzan simultaneamente cargos diferentes, aplicarase a maior das compensacións.

4. Méritos docentes

	ACTIVIDADE	HORAS	RESPONSABLE
MD1	Docencia en galego/inglés	Ao profesorado que imparta docencia en galego por primeira vez imputaráselle 25 horas no primeiro curso académico e nos dous inmediatamente seguintes, sempre que acredite que o fai, polo menos, no 50% da docencia encargada. Ao profesorado que imparta docencia en galego en graos que participen no Programa de fomento do galego do SUG, imputaráselle as 25 horas, sempre que acredite que o fai, polo menos, no 50% da docencia que lle foi encargada neses graos. As materias que se impartan en inglés (co visto e prace das vicerreitorías con competencias en organización académica, profesorado e internacionalización) xeran un número de horas para imputar ao profesorado que as imparte equivalente ao 50% das horas presenciais do grupo de inglés sempre que poda formarse este grupo. Estas horas serán distribuídas proporcionalmente entre o profesorado encargado desta docencia. Como máximo, computarase 30 horas por profesor/a en cada curso académico. Esta imputación aplicarase a partir do curso no que un/unha profesor/a imparta unha materia en inglés por primeira vez. Se o/a profesor/a que computa horas por este concepto non pode acreditar os feitos que deron lugar a este dereito, incrementará a súa capacidade docente, no seguinte POD, en tantas horas como computou por este concepto.	Dirección de centro VPPD VIC VPAID

Código Seguro De Verificación	f81H57hr9+W8NVQa+GHTwQ==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Carlos Ignacio Aymerich Cano - Secretario Xeral	Asinado	04/06/2020 14:43:14
Observacións		Páxina	11/17
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/f81H57hr9+W8NVQa+GHTwQ==		



5. Actividades de Intensificación en Investigación e Transferencia (AIIT)

ACTIVIDADES DE INTENSIFICACIÓN EN INVESTIGACIÓN E TRANSFERENCIA				
(So PDI tempo completo)				
	ACTIVIDADE	DESCRIPCIÓN /HORAS		RESPONSABLE
11	Participación en proxectos de investigación de carácter competitivo	Horas de compensación: Proxectos Europeos: 60 horas Proxectos Estatais: 40 horas Proxectos Autonómicos: 30 horas Coa mesma compensación que os proxectos autonómicos: - As axudas de grupos obtidas nas convocatorias de consolidación da Xunta de Galicia (grupos de referencia competitiva e grupos de potencial crecemento e redes) - Os proxectos para equipos emerxentes - Os obtidos nas convocatorias da Axencia Galega de Innovación Ás UMIs da UDC aplicarase unha redución de 120 horas	Requisitos: - Que a UDC participe e sexa receptora directa dos fondos. - Que o/a investigador/a principal (IP) e o/a coordinador/a do grupo ou rede sexa da UDC. - Que fora concedido ata o 31 de decembro do ano anterior a aquel no que se está elaborando o POD, e teña financiamento nese ano. A compensación en POD será distribuída proporcionalmente segundo a duración da execución do proxecto. Do total de horas que lle corresponden ao proxecto, será o IP o que faga o reparto das horas de compensación entre o profesorado a tempo completo que participa no proxecto.	VPCIT

Código Seguro De Verificación	f81H57hr9+W8NVQa+GHTwQ==		Estado	Data e hora
Asinado Por	Carlos Ignacio Aymerich Cano - Secretario Xeral		Asinado	04/06/2020 14:43:14
Observacións			Páxina	12/17
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/f81H57hr9+W8NVQa+GHTwQ==			



ACTIVIDADES DE INTENSIFICACIÓN EN INVESTIGACIÓN E TRANSFERENCIA (So PDI tempo completo)				
	ACTIVIDADE	DESCRIPCIÓN/HORAS		RESPONSABLE
12	Presentación de proxectos ás convocatorias do programa H2020 ⁵	Compensarase con 30 horas si o proxecto é presentado por un consorcio no que o equipo da UDC é o líder Compensarase con 20 horas noutro caso	Requisito: O proxecto presentado debe contar con informe positivo da OTRI. Este informe acreditará a calidade formal da proposta A exención farase efectiva na elaboración do seguinte POD logo de terse presentado o proxecto, sempre que exista unha resolución denegatoria O reparto das horas será competencia do/a profesor/a responsable de presentar o proxecto	VPCIT OTRI
13	Participación en contratos con entidades que reverten fondos á UDC	Terán dereito a horas de compensación os contratos regulados ao amparo do art. 83 da LOU e rexistrados a través da OTRI. Inclúense os asinados entre o día 1 de xaneiro e o 31 de decembro do ano anterior ao POD que se está a elaborar. O total da compensación establécese en función das seguintes contías (excluído calquera tributo ou gravame): - 30 horas: máis de 75.000 €/ano - 20 horas: > 25.000 €/ano e <= 75.000 €/ano - 10 horas: >= 3.000 e <= 25.000 €/ano	O investigador responsable do contrato distribuirá a compensación de horas que correspondan por convenio ou contrato entre os membros do equipo. Queda excluído do reparto o profesorado que teña participación na/as empresa/s coa/s que se asina o convenio/contrato. A redución realizarase no POD nun período igual ao tempo de duración do contrato. O límite por este concepto será de 15 horas por PDI.	VPCIT OTRI

⁵ E proxectos INTERREG mentres correspondan a convocatorias do programa H2020

Código Seguro De Verificación	f81H57hr9+W8NVQa+GHTwQ==		Estado	Data e hora
Asinado Por	Carlos Ignacio Aymerich Cano - Secretario Xeral		Asinado	04/06/2020 14:43:14
Observacións			Páxina	13/17
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/f81H57hr9+W8NVQa+GHTwQ==			



ACTIVIDADES DE INTENSIFICACIÓN EN INVESTIGACIÓN E TRANSFERENCIA (So PDI tempo completo)				
	ACTIVIDADE	DESCRIPCIÓN/HORAS		RESPONSABLE
I4	Coordinación de grupos de investigación	Darán dereito a unha compensación segundo a cualificación do grupo pola Agencia Estatal de Investigación: -15 horas valoración entre 31 e 50 puntos -10 horas valoración entre 11 e 30 puntos		VPCIT
		O/A coordinador/a poderá repartir a compensación entre os membros do grupo de investigación.		

Código Seguro De Verificación	f81H57hr9+W8NVQa+GHTwQ==		Estado	Data e hora
Asinado Por	Carlos Ignacio Aymerich Cano - Secretario Xeral		Asinado	04/06/2020 14:43:14
Observacións			Páxina	14/17
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/f81H57hr9+W8NVQa+GHTwQ==			



6. Méritos de investigación (MI)

	ACTIVIDADE	DESCRIPCIÓN/HORAS	RESPONSABLE
MI1	Dirección de teses de doutoramento	Aplicarase un recoñecemento idéntico ao computado como Encargo Docente en D4.	EIDUDC
MI2	Avaliación da Agencia Estatal de Investigación dos investigadores da UDC ⁶	O profesorado a tempo completo avaliado pola Agencia Estatal de Investigación antes do 31/12 do ano anterior ao que se elabore o POD, terá dereito durante os tres cursos académicos seguintes á compensación de: - 20 horas se o resultado da avaliación é A - 15 horas se o resultado da avaliación é B - 10 horas se o resultado da avaliación é C - 5 horas se o resultado da avaliación é D	VPCIT

7. Outras Actividades (OA)

OUTRAS ACTIVIDADES (Só PDI tempo completo)			
	ACTIVIDADE	HORAS	RESPONSABLE
G1	Centro de Linguas	80 h para o Secretario/a e coordinadores/as do Centro de Linguas distribuídos polo director/a do centro	Director/a Centro Linguas
G2	Director/a de Cátedra/Aula Institucional	25 horas	VPCIT Secretaría Xeral
G3	Proxectos internacionais correspondentes a accións de Erasmus +	Coordinación: 30 horas Participación como socio: 10 horas	VIC
G4	Secretaría dos cursos da International Summer School da UDC	60 horas distribuídas pola vicerreitoría de Internacionalización e Cooperación	VIC

⁶ O profesorado xa avaliado manterá a compensación mentres a convocatoria imposibilite a súa participación

Código Seguro De Verificación	f81H57hr9+W8NVQa+GHTwQ==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Carlos Ignacio Aymerich Cano - Secretario Xeral	Asinado	04/06/2020 14:43:14
Observacións		Páxina	15/17
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/f81H57hr9+W8NVQa+GHTwQ==		



OUTRAS ACTIVIDADES (Só PDI tempo completo)			
G5	Xestión de Programas de Doutoramento autorizados conforme ao RD 99/2011	Asignarase á EIDUDC unha bolsa de horas a razón de 20 por Programa de Doutoramento. A EIDUDC, co criterio de reparto que teña aprobado, distribuirá a bolsa de horas entre as Comisións Académicas dos Programas de Doutoramento (CAPD), para que efectúen o reparto entre os seus membros. Debe terse en conta que esta compensación é incompatible coa de cargo de xestión.	VPAID EIDUDC CAPD
G6	Comité de Ética	25 horas distribuídas polo/a presidente/a Comisión entre o profesorado do Comité.	Presidente/a Comité de Ética
G7	Coordinación do <i>Green Campus</i>	Coordinador de centro: 10 horas Coordinador dunha agrupación de centros: 20 horas	VIS
G8	Representación da UDC Saudable	60 horas distribuídas pola dirección do Campus UDC Saudable aos/ás representantes nos centros, cun máximo de 5 horas por representante	VCFRS UDC Saudable

As compensacións G1, G2, G4, G5, G6, G7 e G8 son incompatibles con outras por actividades de xestión universitaria do apartado 1. Por Actividades de Xestión Universitaria (AXU) do punto 3. Compensacións e reducións docentes.

Código Seguro De Verificación	f81H57hr9+W8NVQa+GHTwQ==		Estado	Data e hora
Asinado Por	Carlos Ignacio Aymerich Cano - Secretario Xeral		Asinado	04/06/2020 14:43:14
Observacións			Páxina	16/17
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/f81H57hr9+W8NVQa+GHTwQ==			



4. ACTIVIDADE DOCENTE MÍNIMA

Todo o profesorado a tempo completo deberá destinar como mínimo 120 horas da súa capacidade docente a desenvolver actividades correspondentes ás aulas presenciais e á dirección de TFG/TFM. Esta dedicación poderá modularse anualmente na normativa que regula o POD.

Para o secretario/a xeral e os vicerreitores/as o límite anterior fixarase en 60 horas. Para os/as decanos/as e director/as de centro, cargos con reducións asimiladas a decanos/as e coordinadores/as de centros tecnolóxicos fixarase en 80 horas.

Os/As axudantes só poderán ter compensacións derivadas do apartado de AIIT.

Disposición transitoria

En caso de aumento na capacidade docente neta a consecuencia da modificación desta normativa na súa aplicación para o curso 2020/21, este non poderá superar o 15% da Dedicación Académica.

Disposición adicional

O órgano habilitado para dilucidar calquera dúbida ou problema de interpretación ou de aplicación desta normativa será a Comisión Delegada do Consello de Goberno con competencias en materia de profesorado.

Disposición final

Esta normativa substitúe e derroga calquera outra norma ou disposición previa, aprobada polo Consello de Goberno da UDC, que afecte ás reducións da dedicación docente por actividades de coordinación, dirección e tutela académica.

Esta normativa incluírase na proposta de aprobación polo Consello de Goberno do procedemento de elaboración da PDA/POD.

A aplicación efectiva das compensacións recollidas nesta normativa, no curso académico 2020/21, estará condicionada polas dispoñibilidades orzamentarias. Terán preferencia na súa aplicación aquelas que tradicionalmente viñan formando parte das compensacións do PDI da UDC nos últimos POD's aprobados.

A Comisión de Organización Académica e Profesorado, por delegación do Consello de Goberno, será a encargada de dilucidar calquera dúbida ou problema en relación coa interpretación desta norma.

Código Seguro De Verificación	f81H57hr9+W8NVQa+GHTwQ==			Estado	Data e hora
Asinado Por	Carlos Ignacio Aymerich Cano - Secretario Xeral			Asinado	04/06/2020 14:43:14
Observacións				Páxina	17/17
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/f81H57hr9+W8NVQa+GHTwQ==				

